



International  
Handball  
Federation

**Área: Comité Arbitral**

**Circular nº 12 - Temp. 23/24**

## INTERPRETACIÓN DE REGLAS





**“Corredor central”**

### VIDEO EXPLICATIVO

Achegamos link do vídeo explicativo da IHF (International Handball Federation) en relación ao corredor central e poder así definir un criterio nas decisións arbitrais en situacións de contra gol, desde o Comité Galego Arbitral.

[https://youtu.be/O3tp\\_FpsT9E?si=mMytfkU-QSJ7I9rQ](https://youtu.be/O3tp_FpsT9E?si=mMytfkU-QSJ7I9rQ)

### OBXECTIVOS

-  Os/as porteiros/as deben pasar o balón a un/a compañeiro/a que estea en disposición de executar o saque de centro.
-  Que, tras conseguir marcar un gol, calquera xogador/a sexa consciente de evitar o corredor central de forma activa, aconsellando estar en contacto visual co balón para conseguilo.
-  Evitar situacións accidentais por falta de espazo/tempo que se producen nas transicións defensivas despois de gol.
-  Evitar sancións disciplinarias, con traballo preventivo sobre o anterior e por tanto, conseguiremos maior fluidez e menos interrupcións no xogo.

### TRADUCIÓN

#### ÁREAS DO CORREDOR

**ÁREA VERMELLA:** Dentro da área de saque.

**ÁREA LARANXA:** A 3 metros de distancia da área de saque.

**ÁREA AMARELA:** A partir de 3 metros de distancia do área de saque.

### DEFENSOR DENTRO DA ÁREA LARANXA

**SITUACIÓN:** O defensor está a correr dentro do corredor, na dirección da súa propia portería. O porteiro quere pasar o balón ao sacador dentro da área de saque. O defensor está dentro da área laranxa (fóra da área de saque) cando é golpeado polo balón.

**INTERPRETACIÓN DA REGRA IHF:** Cando o defensor está dentro da área laranxa, el é responsable de non ser golpeado pola pelota ou de interferir na execución do saque de ningunha maneira. Se o defensor é golpeado polo balón ou se interfere coa execución do saque, os árbitros son instruídos para mostrar unha exclusión directa de 2 minutos.

**OBSERVACIÓN XERAL:** Nunca se permite obstaculizar activamente a xogadores en ataque cando a pelota está fóra de xogo. Isto significa que se o defensor interfere co xogador atacante involucrado na execución do saque (o que tamén inclúe bloquear/atrasar xogadores mentres se moven cara á área de saque ou mentres reciben o pase (entendo que do porteiro/a), os árbitros son instruídos para mostrar unha exclusión directa de 2 minutos.

### DEFENSOR DENTRO DA ÁREA VERMELLA

**SITUACIÓN:** O defensor está a correr dentro do corredor, na dirección da súa propia portería. O porteiro quere pasar o balón ao sacador dentro da área de saque. O defensor está dentro da área vermella cando é golpeado polo balón.

**INTERPRETACIÓN DE LA REGRA IHF:** Cando o defensor está dentro da área vermella, el é responsable de non ser golpeado pola pelota ou de interferir na execución do saque de ningunha maneira. Se o defensor é golpeado polo balón ou se interfere coa execución do saque, os árbitros son instruídos para mostrar unha exclusión directa de 2 minutos.

### DEFENSOR ESTÁ DENTRO DA ÁREA AMARELA

**SITUACIÓN:** O defensor está a correr dentro do corredor, na dirección da súa propia portería. O porteiro quere pasar o balón ao sacador dentro da área de saque. O defensor está dentro da área amarela cando é golpeado polo balón.

**INTERPRETACIÓN DE LA REGLA IHF:** Na área amarela, o defensor só pode ser castigado en caso dunha interferencia activa. Se o defensor corre na dirección da súa portería e é golpeado nas costas fóra dos tres metros da área laranxa, non debe ter castigo.

## CONSIDERACIÓN IMPORTANTE

### O DEFENSOR CORRE EN DIAGONAL CRUZANDO O CORREDOR DUN LADO Ó OUTRO

O defensor está dentro do corredor cruzando a área amarela, área laranxa ou área vermella cando é golpeado polo balón.

### **INTERPRETACIÓN DA REGRA IHF:**

O defensor está a correr dentro do corredor. Nos tres exemplos, o defensor é responsable de non correr dentro da traxectoria do balón. Non importa se isto pasa na área amarela, laranxa ou vermella, o castigo será dunha suspensión directa de 2 minutos aínda que non estea activamente tratando de evitar o contacto.

### CONSELLO

Non perder contacto visual co balón na transición.



En Vigo a 29 de setembro de 2023